

**GOZA**  
**DISFRUTA**  
**• PARTICIPA**



# VIVE O NADAL 2013

**PROGRAMA DE  
ACTIVIDADES DE  
TEMPO LIBRE NOS  
CENTROS E LOCAIS  
SOCIOCULTURAIS**

**MÁIS INFO:  
SANTIAGODECOMPOSTELA.ORG  
SANTIAGOSOCIOCULTURAL.ORG**

organiza:



colabora:





# OBRADOIROS DE MAXIA

PARA NENOS


VIVE O NADAL 2013!  
Iniciación ó mundo do ilusionismo

16 NOVEMBRO · CSC VITE · 11:30h  
28 NOVEMBRO · CSC SANTA MARTA · 18:00h  
5 DECEMBRO · CSC O CASTIÑEIRIÑO · 18:00h



Socioculturales  
un.santiago.cultural.es

+ info en  
[www.santiagosociocultural.org](http://www.santiagosociocultural.org)

imparte:   
ILUSIONES  
MÁGICAS

# COMPOSTELA

## CINE classics '13

**CLASSICOBRAZOIROS**

**PEQUENOS CINEASTAS,  
Rodamos unha peli!**

*nenos/as de 7 a 12 anos*

**Datas: 10, 14, 17 e 18 Decembro**

**De 18.00 a 20.30h**

**lugar: CSCXM O ENSANCHE**

**Prezo: 14€**

organiza:



Seco Cultural 195



Colabora:



Deputación de Coruña

Rede Municipal de Centros Socioculturais

# Nadal en Portugal

**Domingo 15 de Decembro**

## Programa:

-Visita guiada zona Viana do Castelo

-Menú concertado na QUINTA DO CRUZEIRO

Sopa á Lavrador e Bacallao a Moda do Minho

Crema de leite

Café e digestivo da casa

Merenda: caldo verde e Broa de Milho

-Tarde: **GRAN BAILE**

**33€** (bus+xantar)

Inscripcións dende o xoves 14 de novembro as 17h

Máis información no teu Centro Sociocultural

Destinado a público maior de 55 anos



SocioCulturales  
santiago



## MAÑAS DE NADAL 2013

Programa matinal de tempo libre nas vacacións de Nadal nos CSC de Vite, Fontiñas, Santa Marta, Conxo, A Gracia, Marrozos e Nemenzo

<b>Datas e horario</b>	23, 26, 27 e 30 de decembro de 2013 e 2, 3, 7 e 8 de xaneiro de 2014 de 10 a 14 h.
<b>Preinscricións</b>	Do <b>15 de novembro ao 5 de decembro</b> .
<b>Publicación listas de preinscritos</b>	O <b>11 de decembro</b> nos taboleiros informativos dos CSC Fontiñas, Sta. Marta, O Ensanche, Vite, Conxo e na páxina <a href="http://www.santiagosociocultural.org">www.santiagosociocultural.org</a> . No caso de ser necesario o sorteo, asignación a cada inscrito dun número.
<b>Sorteo público</b>	O <b>12 de decembro</b> ás 13.30 h no CSCXM O Ensanche.
<b>Publicación listas de admitidos e reservas</b>	O <b>13 de decembro</b> nos taboleiros informativos dos CSC Fontiñas, O Ensanche, Vite, Conxo, Sta Marta e na páxina <a href="http://www.santiagosociocultural.org">www.santiagosociocultural.org</a>
<b>Formalización de matrícula</b>	Do <b>16 ao 20 de decembro</b> entregando o xustificante de pago no centro sociocultural onde se obtivera praza.
<b>Destinatarios</b>	Nenos/as empadroados/as no Concello de Santiago que cumpran co requisito de idade da oferta, terán prioridade aquelas familias que neste ano 2013, non participaran nas Mañas de verán do mes de xullo de 2013.
<b>Prezo</b>	Con carácter xeral: 60 € Desconto do 20% segundo fillo: 48€ Desconto do 50% familia numerosa: 30€ Exentos: cando os pais ou titotes-as acrediten a súa situación de demandantes de emprego
<b>Lugares onde se desenvolverá a actividade e idades dos destinatarios</b>	CSC das Fontiñas "Unha cidade de Conto" 25 prazas para nenos/as nados entre os anos 2001 e 2008 CSCXM de Sta Marta "Unha cidade de Conto" 25 prazas para nenos/as nados entre os anos 2001 e 2008 CSC de Vite "Unha cidade conto" 25 prazas para nenos/as nados entre os anos 2001 e 2008 CSC de Conxo "Unha cidade conto" 25 prazas para nenos/as nados entre os anos 2001 e 2008 LSC de Marrozos "Unha cidade conto" 25 prazas para nenos/as nados entre os anos 2001 e 2009 LSC da Gracia "Unha cidade de conto" 25 prazas] para nenos/as nados entre os anos 2001 e 2009 LSC de Nemenzo "Unha cidade de Conto" 25 prazas para nenos/as nados entre os anos 2001 e 2009
<b>Nº de prazas</b>	175  Terán prioridade os empadroados e quen non obtivese praza en Mañas de verán do mes de xullo. Aquelas familias que xa participaran en xullo da actividade, obterían praza sempre e cando haxa vacantes, no caso contrario non entrarían no sorteo. No caso de haber máis solicitudes que prazas dispoñibles nos distintos centros, resolverase mediante <b>sorteo público o 12 de decembro no CSCXM de O Ensanche ás 13:30 h.</b>
<b>Adxudicación de praza</b>	Previa publicación da listas de inscritos onde se lle asignará a cada neno/a un número para o sorteo. <b>Os membros da mesma unidade familiar participaran co mesmo número.</b> As familias interesadas poderán marcar na solicitude a orde de preferencia para participar nun máximo de dous centros, e de non haber prazas dispoñibles na marcada no primeiro lugar, existindo prazas na outra preferencia se lles asignará

automaticamente sen proceder a sorteo.

O número mínimo requirido de participantes para iniciar a actividade será do 50% das praza ofertadas en cada centro.

### Obxectivo e descrición da actividade

Ofrecer ás familias con nenos no tramo de idade da convocatoria, un programa de tempo libre nas mañás das vacacións de Nadal, a través dunha oferta variada de actividades lúdico-educativas desenvolvidas no seo dos centros socioculturais cabeceira da cidade e do rural.

O proxecto desenvolverase durante as datas das vacacións escolares de Nadal; contempla actividades de lecer e educativas, nun ambiente alegre e relaxado no que todos/as os participantes se sintan parte do grupo e se promovan tamén valores de igualdade, a solidariedade, recoñecemento da cidade e dos valores cívicos a través dunha temática comun: **os contos, as historias recreadas e tamén creadas polos máis pequenos.**

Actividades plásticas, expresión artística, obradoiros, animación a lectura, xogos de pistas, predeportivos dirixidos, serán eixos do traballo de intervención educativa que se proporcionará aos participantes, guiados por monitores especializados.

Horario da actividade: 10 a 14 h

### Como participar e presentación de solicitudes

Cubriendo a folla de preinscrición e achegándoa xunto cunha **foto** do participante, fotocopia da **tarxeta sanitaria** da seguridade social ou aseguradoras privadas do neno/a, fotocopia do **libro de familia completo da unidade familiar**, fotocopia do **libro/carnés de familia numerosa** se é o caso, e fotocopias das **tarxetas de demandante** de emprego dos pais ou titores-as se é o caso.

As solicitudes recolleranse nos cinco centros socioculturais cabeceira en horario de mañá e tarde.

### Onde se poden recoller follas de autorización e preinscrición?

**CSC de VITE** 981 542 490  
Rúa de Carlos Maside 7

**CSC das FONTIÑAS** 981 528 750  
Rúa de Berlín 13

**CSC de CONXO** 981 528 740  
Praza de Aurelio Aguirre 1

**CSC do CASTIÑEIRIÑO** 981 542 459  
Rúa da Virxe de Fátima 1


**CSC de O ENSANCHE** 981 543 001  
Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16

**CSC STA.MARTA** 981 453 017  
Rúa de Antonio Rama Seoane 7

**CASA DAS ASOCIACIÓNS** 981.543 350  
Rúa de Manuel Beiras 3.

### NORMAS E CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- **Requisito** imprescindible estar **empadroado no Concello de Santiago.**
- **Matriculación e pagamento:** do **15 ao 20 de decembro**, cumprimentando o impreso de pago que se recollerá nos centros socioculturais, indicando o nome do/a neno/a e entregando o xustificante de pago no centro sociocultural onde obtivera a praza.
- **Número máximo de nenos que pode anotar cada persoa é 4** (exceptuando se son familia numerosa de máis de 4 fillos)
- Se por algún motivo o rapaz ou rapaza non pode asistir nalgunha das xornadas, **debe avisar no centro, non facelo nun máximo de 3 sesións suporá a perda da praza** e non haberá devolución da matrícula.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**SocioCulturales**  
en Santiago, o centro es tí

**VIVE O NADAL 2013, VISITAS DO PAXE REAL AOS CENTROS E LOCAIS SOCIOCULTURALS**

DATA	HORA	LUGAR	IDADES RECOMENDADAS
15/12/2013	18.00h	Aríns	4-12
19/12/2013	18.00h	Bornais (O Eixo)	4-12
19/12/2013	19.00h	Vite	2-14
20/12/2013	20.00H	ENSANCHE	3-12
20/12/2013	18.00h	Sar	0-12
20/12/2003	19:15h	Conxo	0-14
26/12/2013	18.30h	Bando	4-12
27/12/2013	18.30h	Pontepedriña	0-12
27/12/2013	17.30h	Castiñeiriño	2-12
28/12/2013	12.00h	Nemenzo	4-12
28/12/2013	11.30h	Marantes	4-12
28/12/2013	11.00h	Verdía	4-12
28/12/2013	19.30h	Figueiras	4-12
28/12/2013	18.30h	Lavacolla	4-12
30/12/2013	19.00 h	Amio	0-12
02/01/2014	18.00 h	Casa Agraria	0-12
02/01/2014	19.00h	A Peregrina	4-12
02/01/2014	18.15h	Villestro	4-12
03/01/2014	18.15h	Busto	4-12
03/01/2014	19.00h	A Gracia	4-12
03/01/2014	19.45h	Laraño	2-12
03/01/2014	19.00h	Marrozos	4-12
03/01/2014	19.00h	Sta Marta	0 a 12
03/01/2014	19.45h	Casco Histórico	0-12
3/01/2014	18.00h	Fontiñas	4-12
04/01/2014	12.00 h	Cancelas	0-12
04/01/2104	18.30	A Trisca	1-12

## Actividade de tempo libre nas mañás de nadal no Lsc Figueiras

**Datas:** 23,24,26,27,30,31 de decembro e 2,3,7,8 de xaneiro(10 xornadas)

**Horario:** 9 a 14h

**Prezo:** 30-35€

**Prazas:** mínimo 15, máximo 20

**Idades:** nenos nados entre 2000 e 2007, prioritariamente da parroquia de Figueiras.

**Preinscrición:** a través do correo electrónico da AV Nova Xeira de Figueiras

[novaxeira@gmail.com](mailto:novaxeira@gmail.com)



# MAÑAS DE NADAL 2013

## FICHA DE PREINSCRICIÓN E AUTORIZACIÓN

CENTRO NO QUE SE ANOTA: marque 1 e 2 segundo preferencia

- |  |                                       |                                       |                                      |
|--|---------------------------------------|---------------------------------------|--------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> CSC STA MARTA | <input type="checkbox"/> CSC FONTIÑAS | <input type="checkbox"/> LSC MARROZOS | <input type="checkbox"/> LSC NEMENZO |
| <input type="checkbox"/> CSC VITE      | <input type="checkbox"/> CSC CONXO    | <input type="checkbox"/> LSC A GRACIA |                                      |

### DATOS PERSOAIS NENO/A

Nome e apelidos

DNI (se ten)

Data de nacemento

Idade

Curso

Centro de ensino

Enderezo

Teléfonos de contacto

Correo electrónico *opcional*

Participou en *Mañas de verán* de xullo 2013?  si  non Indique o centro:

Anotase a actividade algún outro membro da unidade familiar?  si  non  quen?

Pode marchar só/soa?  si  non Quen o ven a recoller?:

### DATOS PERSOAIS PAI/NAI/TITOR-A

Nome e apelidos

DNI, NIF ou NIE

Ocupación

Horario laboral

Nº Seguridade Social

Mutua

Enderezo centro traballo

Teléfonos de contacto

### Outros datos de interese

Toma algún medicamento?  non  si:

¿padece algunha enfermidade ou situación de saúde a destacar?

Ten alerxias?

Asma?  si  non Observacións:

Indique a garda e custodia en caso de separación, divorcio etc.

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR CONXUNTAMENTE CON ESTA SOLICITUDE

Os representantes legais do neno/a presentarán, acompañando á solicitude os seguintes documentos:

- |                          |  |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | 1 foto tamaño carné do neno/a.   |
| <input type="checkbox"/> | Fotocopia da <b>tarxeta sanitaria</b> da seguridade social ou aseguradoras privadas do neno/a. |
| <input type="checkbox"/> | Fotocopia do <b>libro de familia completo da unidade familiar</b> .                            |
| <input type="checkbox"/> | Fotocopia do <b>libro/carnés de familia numerosa</b> se é o caso.                              |
| <input type="checkbox"/> | Fotocopias das <b>tarxetas de demandante</b> de emprego dos pais ou titores-as se é caso.      |

A solicitude sigue pola parte de atrás....

Lembre que é importante cubrir todas as autorizacións. Se polo motivo que sea non quere que se lle saquen fotos ao neno/a, non asine a autorización de imaxe.

## AUTORIZACIÓN

Eu, ..... co DNI.....  
como pai/nai/titor/a, autorizo a .....  
a participar nas actividades Mañas de Nadal, proxecto de tempo libre infantil que terá lugar en diversos equipamentos da Rede de Centros, durante os días 23, 26, 27 e 30 de decembro 2013 e 2,3, 7 e 8 de xaneiro, de 2014 e nas posibles saídas programadas, organizado pola Concellaría de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.  
Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2013

Sinatura

## Autorización para a comprobación de datos do Padrón Municipal

Eu, como pai/nai/titor, autorizo ao Concello de Santiago a comprobación dos datos sobre empadramento vencellados a esta solicitude.

Sinatura

## Autorización para a publicación de imaxes dos participantes

Don / dona .....co DNI .....

como pai/nai/titor/a de ..... autorizo o Departamento de Centros Socioculturais a un uso pedagóxico das imaxes realizadas no proxecto de tempo libre infantil MAÑAS DE NADAL e publicarlas en: *Páxinas web do Concello de Santiago, Blogs dos centros socioculturais, filmacións destinadas a difusión educativa non comercial, fotografías para revistas ou publicacións de ámbito educativo.*

Santiago de Compostela, ..... de.....de 2013

Sinatura

**PROTECCIÓN DE DATOS** Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, **informamos** de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro da rede de centros socioculturais con fins informativos, así coma da posibilidade de exercitar os seus **dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición** en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.


Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade marque aquí cun X



Socioculturales  
paZo  
en santiago, o centro es ti

# Biblioteca

**GUÍA DE LECTURAS  
PARA AGASALLAR  
EN NADAL**




**VIVE O NADAL 2013**

# Manuel Álvarez Torneiro



PREMIO  
NACIONAL  
DE POESÍA  
2013

O poeta Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) foi redactor durante vinte cinco anos no xornal La Voz de Galicia, onde se ocupou, preferentemente, de temas relacionados co mundo da cultura e a literatura. Membro do grupo coruñés Amencer organizado nos anos cincuenta arredor de Miguel González Garcés, foi gañador, en dúas ocasións dos premios da Crítica e González Garcés, ademais do Esquíu e o da Asociación de Escritores en Lingua Galega do 2012 por este mesmo libro; Os ángulos da brasa.



# Bícame, Frank

Frank Soutelo continúa en Galicia e agora está indignado.


Todo comeza co roubo do manuscrito de "Vento mareiro", de Cabanillas, e despois co dun valioso papiro exipcio vinculado ás revoltas da primavera árabe. Demasiada xente quere o papiro, ao prezo que sexa...

Soutelo sospeita que todo ten que ver coa aparición dun cadáver sen mans na praia da Lanzada.

Coa súa retranca característica. Miguel Anxo Fernández bota unha ollada aceda sobre a actualidade do país nunha novela que consolida a Soutelo como o detective máis activo do panorama literario galego

## ***Miguel Anxo Fernández***

***O Carballiño, 1955. Investigador e teórico cinematográfico, está vencellado desde finais dos anos setenta ao desenvolvemento do audiovisual galego, labor polo que se lle concedeu o Premio de Honra Fernando Rey no 2001. En 2012 recibiu o Premio da Cultura Galega polo seu labor a prol da creación audiovisual.***



Nun porto afastado, Manuel Antonio mantén unha fermosa historia de amor cunha sorprendente muller á que coñeceu grazas a un estraño navegante chamado Joseph Conrad. Un rapaz de 15 anos relata a época en que os veraneantes madrileños eran o punto de todas as olladas e desexos da súa vila. Dous grupos de mozos provocan unha trifulca durante unhas festas patronais ao inicio da Transición. O músico dunha orquestra e a camareira dun ambigú establecen unha engaiolante historia de amor...

Cadeas é unha novela de novelas. Un baúl de historias que denotan unha prodixiosa capacidade para fabular, para recrear, para imaxinar. A novela iníciase a partir da anécdota dun escritor que descobre na praia unha muller nova que le unha novela súa. Entre ambos os dous establécese unha curiosa e incómoda relación que nos conduce a un debate sobre a identidade do que é ou non é hoxe unha novela. Desde o fragmentarismo dun narrador que ás veces é pop e ás veces é culto, Cadeas paséanos por diferentes atmosferas, rexistros e historias con gran sentido do humor e cunha áxil ironía. Esta é a novela dun ventríloquo, alguén capaz de enredarnos a través de diversos xogos textuais que pretenden evidenciar para o narrador a imposibilidade de contar, problematizando as dificultades da escrita.


Premio  
Xerais  
2013

Xabier López López  
*Cadeas*



XERAISS  
Narrativa

Henning Mankell (Estocolmo, 1948) é coñecido en todo o mundo pola súa serie de novelas policíacas protagonizadas por Kurt Wallander, traducidas a trinta e sete idiomas, aclamadas polo público, merecedoras de numerosos galardóns e adaptadas ao cine e a televisión (entre outros, polo actor Kenneth Branagh). Con Ósos no xardín péchanse os casos protagonizados por Wallander ou relacionados con e. Con ocasión da publicación desta obra, Henning Mankell escribiu un posfacio no que narra a súa relación co aclamado detective ao longo dos anos.




Un domingo de outubro de 2002, un Kurt Wallander esgotado logo dunha intensa semana de traballo vai visitar a que podería ser a casa dos seus soños, nos arredores de Löderup. Mentres deambula a soas polo xardín da leira, rumiando se comprala ou non, tropeza con algo semioculto entre a herba. Para a súa sorpresa, son os ósos dunha man. Esa mesma noite, cando os técnicos acenden os seus focos e cavan ao redor, sae á luz un cadáver que, segundo os forenses, leva máis de cincuenta anos baixo terra. Pouco antes de Nadal, e a pesar dos recortes orzamentarios na policía de Escania, o inspector Wallander, xunto cos seus colegas Martinsson e Stefan Lindman (o protagonista do retorno do profesor de baile), segue investigando o que parece ser un asasinato moi antigo. Pero é posible esclarecer un crime cometido tanto tempo atrás? Cando xa está a piques de darse por vencido, Wallander regresa ao xardín da que puido ser a súa casa. E algo esperta nel novas sospeitas que se converterán nun novo achado.

## Henning Mankell HUESOS EN EL JARDÍN

*colección andanzas*

SERIE  
WALLANDER



TUSQUETS  
LIBRERÍA

# Alice Munro



Alice Ann Munro, (Wingham, Ontario, 10 de xullo de 1931) é unha narradora canadense, sobre todo de relatos. Está considerada como unha das escritoras actuais máis destacadas en lingua inglesa. En 2013 foille outorgado o Premio Nobel de Literatura.

## OBRAS TRADUCIDAS Ó CASTELÁN:


- **Las lunas de Júpiter, Versal, 1990.**
- **Amistad de juventud, Versal, 1991.**
- **El amor de una mujer generosa, Madrid, Siglo XXI de España Editores, 2002.**
- **Odio, amistad, noviazgo, amor, matrimonio, Madrid, RBA, 2003.**
- **Secretos abiertos, Madrid, Debate, 2004.**
- **Escapada, Madrid, RBA, 2005**
- **Secretos a voces, Madrid, RBA, 2008.**
- **La vista desde Castle Rock, Madrid, RBA, 2008.**
- **El progreso del amor, Madrid, RBA, 2009.**
- **Demasiada felicidad, Madrid, Lumen, 2010.**




Fred (Frédérique) Vargas (París, 1957) estudou Historia e Arqueoloxía. As súas novelas policíacas recibiron numerosos premios, entre eles o \*Prix mystère de critiquea (1996 e 2000), o Gran premio de novela negra do Festival de Cognac (1999), o Trofeo 813 ou o Giallo Grinzane (2006), e foron traducidas a múltiples idiomas cun gran éxito de vendas

O infalible comisario Adamsberg terá que enfrontarse a unha terrorífica lenda medieval normanda, a do Exército Furioso: unha horda de cabaleiros mortos viventes que percorren os bosques tomándose a xustiza pola súa man... Unha señora miúda, procedente de Normandía, espera a Adamsberg na beirarrúa. Non están citados, pero ela non quere falar con ninguén máis que con el. Unha noite a súa filla viu ao Exército Furioso. Asasinados, ladróns, todos aqueles que non teñen a conciencia tranquila sentense ameazados. Esta vella lenda será o sinal de partida para unha serie de asasinatos que se van a producir. Aínda que o caso ocorre lonxe da súa circunscrición, Adamsberg acepta ir investigar a ese pobo aterrorizado pola superstición e os rumores. Axudado pola gendarmería local, polo seu fillo Zerk e polos seus colaboradores habituais, tratará de protexer do seu macabro destino ás vítimas do Exército Furioso.

## El ejército furioso





**TÍTULO: Malvados**

**AUTOR: John Connolly**

Esta novela negra narra como no remoto ano de 1693, os colonos dunha pequena illa de Maine (Santuario) foron exterminados por un grupo de asasinados armados de mosquetes e coitelos e desde entón, a illa gozou de trescentos anos de paz. Ata agora. Porque un grupo de homes diríxense cara alí en busca da muller que vendeu ao xefe do grupo. No camiño desa banda de asasinados só se interpón dúas persoas: Sharon Macy, unha axente de policía novata, e o xefe de policía da illa, un home xigantesco, estraño e taciturno coñecido co nome de Joe Dupree Melancolía. Pero Dupree non é un home calquera: é o gardián de certos segredos da illa, e tamén o depositario da súa memoria: sabe que Santuario viu correr sangue inocente no pasado e que a illa non tolerará unha nova matanza.



**PREMIO NADAL 2013**

**TÍTULO: Estaba en el aire**

**AUTOR: Sergio Vila-Sanjuán**

Unha muller da alta sociedade, moi bela e desgraciada. Un publicitario embarcado nun programa radiofónico que busca a persoas desaparecidas. Un magnate con bos contactos políticos disposto a consolidar o seu imperio. Un mozo do Norte que rastrea as súas orixes. Na Barcelona de 1960, as traxectorias de todos eles crúzanse, iluminando ambientes contrapostos.

Estaba no aire é unha historia de sentimentos, de intrigas empresariais que transcorre nun momento histórico pouco abordado pola narrativa actual. Un momento no que España empezaba a saír da posguerra para converterse en sociedade de consumo, animada por promocións televisivas e elegantes festas estivais á luz da lúa, como os que frecuentan os protagonistas desta novela

Pode unha vida, cos seus soños, as súas feridas, nostalxias e remordimentos, ser investigada coma se dun crime tratácese, utilizando a modo de pistas as voces dos que aínda recordan? Esta é a pregunta á que debe dar resposta Fernando Urtiaga, un mozo historiador, cando en 1977 recibe en herdanza o encargo de contar a historia do enigmático Anxo Bigas a través da memoria daquelas persoas que lle coñeceron.

A indagación enfrontará a Urtiaga coas distintas caras de Bigas: novelista, diplomático, conspirador internacional, espía, revolucionario, traficante de armas? e arrastrará a unha procura de consecuencias insospeitadas. Do Bilbao de principios do século XX ao Madrid dos faladoiros literarios e conxuras republicanas, da Varsovia de entreguerras á Roma fascista de Mussolini, do San Petersburgo dos últimos tsares aos cabarés e clubs de jazz da Constantinopla ocupada polos aliados. Algúns recordos viaxarán, e con eles tamén Urtiaga e irremisiblemente o lector, á cosmopolita e crepuscular Bucarest da Primeira Guerra Mundial para desvelar unha intensa historia de amor; unha historia onde centellea o último rostro de Bigas, aquel co que a todos nos recibe a morte.

Na súa primeira novela, Fernando García de Cortázar recrea, peza a peza, un gran mosaico de España e de Europa: a decadencia dun continente golpeado por guerras e revolucións, a añoranza dun esplendor perdido.

Premio  
Novela Histórica  
Alfonso X el sabio  
2013




# La invención del amor

A invención do amor conta a historia de Samuel que, cumpridos os corenta, está de volta de todo sen chegar. Un día, alguén ao teléfono dille que Clara morreu, e colga. O misterioso do caso é que Samuel non recorda a ningunha Clara. Pero iso non lle impide converter a esa moza descoñecida no centro da súa vida.

Samuel pescuda que a persoa coa que o confundiron era o amante secreto da defunta, e ponse en contacto coa irmá daquela, a atractiva Carina.

Unha novela con solteiros e crises que crece e se ramifica, a partir da curiosidade polo inmediato, chegando a tocar o misterio. O narrador protagonista fainos cómplices falándonos directamente sobre a soidade, o amor e a capacidade para reinventarse e autoenganarse. Con elementos do thriller clásico, trátase dun libro romántico pero moi pegado á rúa, un relato xeracional situado en Madrid.





**TÍTULO:** *Puedo prometer y prometo*

**AUTOR:** *Fernando Ónega*

Adolfo Suárez alcanzou a presidencia do Goberno de forma tan inesperada como a abandonaríaa despois. Son, sen dúbida, os cinco anos máis apaixonantes e decisivos da nosa historia recente.

A medio camiño entre a biografía e a crónica, este libro reconstrúe a traxectoria política, persoal e sentimental dun home esencial na historia da democracia. Grazas aos testemuños daqueles que estiveron xunto a el, Fernando Ónega recupera os recordos que foron diluíndose na memoria de Adolfo Suárez.

# “El cielo ha vuelto” Clara Sánchez

“O ceo volveu” conta a metamorfose dunha muller, cunha relación tóxica.

A autora confésanos que a protagonista da súa novela, Patricia, é "quizá o personaxe máis humano que saíu de min". Trátase dunha moza, que é modelo de pasarela, e á que sorriu a vida, e que atópase un día, durante un voo, a unha muller que lle anuncia que hai alguén que quere que morra. Ese encontro cambiará a súa vida, e Patricia entra nun mundo de incerteza, da sospeita, da dúbida, do medo e, sobre todo, da desconfianza.

"Tiven a idea folleando unha revista na perruquería. Chamoume a atención unha imaxe dunha modelo. Noteille na mirada que estaba asustada. Pregunteime como alguén de éxito podía expresar algo así".

Por casualidade, a autora coñeceu tempo despois a esa modelo, que lle confesou detalles da súa vida que inspiraron parte do relato da novela.



# “El rincón de Bea” - Bea Roque




O libro de receitas do blog de repostería máis popular e con maior número de seguidores en toda España



# “Catálogo oneroso de beleza gratuíta”

## Fran Bueno



O Cómico “Catálogo oneroso de beleza gratuíta” do autor compostelán Fran Bueno, resultou merecedor do último **Premio Castelao de Banda Deseñada**, convocado pola Deputación de A Coruña.

Fran Bueno refírese ó cómic como “unha lista de cousas que me gustan na vida, ten forma de catálogo. Falo de cousas como o sol, a lúa e as estrelas, elementos polos que non hai que pagar e que, moitas veces, paga a pena deterse a admirar”.

De 11 anos en diante  
Premio Merlín de Literatura Infantil 2013

Buto, o zapateiro, conta a historia do seu amigo Baltasar, un rapaz de once anos, cego de nacemento e orfo de nai, que vive coas súas tías, Olegaria e Berenguela, dúas xemelgas moi antipáticas e un pouco malvadas. Acompañado do seu can, Barriga Branca, Baltasar vende na praza dos Zoqueiros soldadiños e bailarinas de madeira, labradas coa súa navalla, coa intención de xuntar cartos para reunirse co seu pai. A aparición na praza do Castañeiro de Abril provocará un xiro na súa vida e unha chea de acontecementos que trastornan a vida da xente do seu barrio. O Castañeiro de Abril é unha historia de superación dunha dignidade tremenda e dunha afouteza extraordinaria. Unha reivindicación das cousas miúdas, que adoitan ser a principal orixe dos nosos desgustos e das nosas maiores satisfaccións.

Premio  
Xerais  
2013



# Un deseo muy especial.

Daniel Nesquens. Elisa Arguilé, il. Madrid: Anaya, 2013.

ISBN: 978-84-678-4041-4 | Dende 6 anos

A súa maneira de dicir, os seus diálogos humorísticos e absurdos converten á pequena anécdota nun relato memorable. Un neno desexa con todas a súa forzas facer un boneco de neve. A cousa non pinta fácil, pero finalmente, excepto para a súa avoa, todo sae ben. As ilustracións de Elisa Arguilé incorporan o punto de absurdo que é a guinda desta historia.



# “¡Buenos días, princesa!” - Blue Jeans




Pasaron algo máis de dous anos na vida dos mozos que forman "o club dos incomprendidos". As cousas cambiaron desde que un tras doutro se foron atopando no camiño. Novos problemas, secretos, amores, celos... Con todo, ata o momento, a súa amizade puido con todo e con todos. Raúl, converteuse nun atractivo xove e nun líder nato; Valeria, malgasta simpatía por onde pisa, aínda que non venceu do todo á súa timidez; Eli, é a que máis se transformou de todos e lévallos de rúa; María, vixía e soña tras as súas lentes de pasta de cor azul; Bruno, non consegue esquecer o que sente e no máis profundo do seu corazón espera ser correspondido; e Ester, é a nora que toda nai queredría ter aínda que non é tan inocente como todos pensan. Son seis mozos que senten, sofren, aman, cren, rin, evolucionan... como outros mozos da súa idade. Pero os seis son especiais. Polo menos, para o resto do grupo. Conseguirán superar todas as probas que se lles van a presentar? Só podes pescudalo lendo, ¡Bos días, princesa!


Xuvenil

# “La isla de Bowen”



“A illa de Bowen” é un libro de aventuras ao estilo dos de Xullo Verne ou Arthur Conan Doyle, con illas misteriosas, asasinatos, minerais preciosos, heroes e manuscritos medievais.





Un novo álbum da colección clásica de Astérix cos personaxes de sempre e moitos novos: ¡Varios clans enteiros, de feito! Nesta ocasión, Astérix e Obélix viaxan a Caledonia, a Escocia romana .

CÓMIC

# “Gloria Fuertes, poeta para todos”


Antonio J. Gómez Yebra



Algunhas das súas poesías recórdannos ás cancións de xogos infantís, outras son divertidas ocorrencias para os máis novos, e outras moitas denuncian as inxustizas do mundo. Por todo iso, é considerada por moitos como a poeta dos nenos.

Este libro é unha pequena homenaxe a Gloria Fortes quince anos logo da súa morte. Nel descubrirás como é a súa poesía e como foi a súa vida. Tamén poderás escoitar no CD a súa propia voz recitando algúns poemas. ¡Non a esquecerás!

+ de 6 anos



*TÍTULO:* La Durmiente

*AUTOR:* María Teresa Andruetto

Esta é a historia dunha princesa que caeu nun soño longo e profundo. Non houbo maldición nin feitizo. Entón? Que a espertará?



# La pregunta del elefante

+ de 6 anos

Como se pode saber se se quere a alguén? é a pregunta que o elefante faille a un bo número de animais e outros curiosos personaxes que se xuntan no bosque. E cada un vai dando a resposta da súa experiencia co amor. Ás veces querer consiste en ter detalles, outras veces resulta contradictorio, outras só en coidar. Un libro estupendo para pór nome aos sentimentos.



# Nocturno. Recetario de sueños

## Isol


Colección Los especiales de A la orilla del viento

México D.F.: Fondo de Cultura Económica

Género: Libro álbum

*Para ler cos máis pequenos*

*Ilustracións fluorescentes para ser contempladas na escuridade e alimentar os sonhos. Unha proposta lúdica e imaxinativa, de gran riqueza visual.*



# “El arenque rojo”

Gonzalo Moure  
Alicia Varela

Sobre un escenario ilustrado de pequenas historias que teñen continuidade ao longo das páxinas, o lector atópase ante múltiples relatos posibles seguindo o que lle sucede a cada unha das personaxes. Só ao final descóbreanse as historias propostas polo autor nun caderno pequeno aparte. Interesante e divertida invitación á creación literaria para quen se encontra xa a soas cos libros.




“**En familia**”. Alexandra Maxeiner y Anke Kuhl, il.  
Barcelona: Takatuka, 2011. ISBN: 978-84-92696-71-0

**A partir de 6 anos**

Ningunha familia é igual. Nin na felicidade, nin no infortunio. Cada un é do seu pai e da súa nai e ademais cada un vive de xeito moi diferente. Este libro preséntanos desde o humor e a lixeireza un conxunto de familias moi diversas. Un libro interesante para dialogar cos nenos e invitarlles a reflexionar sobre como se organizan os seres humanos para intentar protexerse e ser felices. As simpáticas ilustracións permiten abordar desde o sorriso cuestións que ás veces resultan complexas e dolorosas.



Este libro de manualidades ecolóxicas pode ensinar aos nenos moitas cousas. Tantas como un libro informativo sobre a natureza ou como un libro de arte. Pór en contacto aos nenos cos elementos naturais e achegarlles nocións sobre as cores, a beleza e o equilibrio é tamén esencial para a vida. Propostas delicadas e respectuosas invitan aos nenos a desenvolver a súa faceta máis artística e sensible, a mirar o mundo que lles rodea como un lugar fermoso.



Que difícil parece a física, a explicación de como funcionan a materia e a enerxía non está ao alcance de todos porque require de graos de abstracción e algúns coñecementos. Con todo, estes libros coa información fragmentada, con moitas ilustracións, con propostas de experimentos e actividades prácticas, achégannos ás claves de como funcionan as cousas. Unha proposta moi colorista con grandes ilustracións en liñas moi marcadas ofrécenos a posibilidade de aprender moito dun xeito divertido.



**Física divertida para gente curiosa.**  
Tom Adams y Thomas Flintham, il.  
Fernando Bort Misol, tr.  
Madrid: SM, 2012. ISBN: 978-84-675-  
5173-0 | **A partir de 9 anos**

# “La vela que no se apagaba y otros misterios con solución”

Texto de Antonio Lozano

Ilustraciones de Alba Marina Rivera

Barcelona: A buen paso

Género: Libro álbum

+ de 6 anos

*O xogo, a fantasía, o entretemento, o humor absurdo danse cita neste libro-enigma que ten tres partes: Descubrimento dos misterios, investigación dos feitos e finalmente resolución. Unha combinación estupenda de textos e imaxes que exploran camiños literarios e técnicas artísticas. Todo soa a novo pero con sentido.*





**Desde unha estrela distante.**

Agustín Fernández Paz. David Pintor, il. Vigo: Xerais, 2013.

**Desde 9 anos**

Daniela está pasando uns días na casa da súa avoa antes de mudarse coa súa familia a unha nova cidade. Unha tarde sobe ao faiado a explorar e alí leva o susto da súa vida. Ao abrir un baúl, aparécelle un rato decidido a falar con ela e que, en realidade, é un extraterrestre! Poderán chegar a entenderse dous seres tan diferentes?





**Dos que se quieren.**  
**Jürg Schubiger.**  
**Wolf Erlbruch, il. Albert Vitó, tr.**  
**Granada: Barbara Fiore, 2012.**  
**ISBN: 978-84-15208-31-0 | + 12 anos**

Aínda que o formato e as ilustracións deste libro poidan despistarnos, e nos indíque que se dirixen a nenos pequenos, os seus poemas de amor serán mellor gozados por alguén que xa sinta a frecha de Cupido, aínda que só sexa un pouquiño. O humor e a lixeireza coa que se expresan as relacións amorosas entre animais moi distintos, fan desta colección de poemas unha proposta estupenda para achegarse ao amor afastados da onda romántica e das palabras altisonantes. Amar a alguén é así de bonito e de divertido. Un libro para regalar a un namorado.

